

**CONCELLERÍA
DE
FOMENTO**

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPTE: 71048/250

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN
POR PROCEDIMENTO ABERTO DOS SERVIZOS DE ACONDICIONAMENTO,
ARRANXO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS
DO CONCELLO DE VIGO. (TEXTO REFUNDIDO)**

APPROBADO NA SESIÓN DA XUNTA
DE GOBERNO LOCAL DE DATA

26 XUN. 2014

A Secretaría de Goberno local,
P.O.



1 OBXECTO DO PREGO:	3
2 ÁMBITO TERRITORIAL:	3
3 O ADXUDICATARIO E O SEU DELEGADO:	3
4 NORMATIVA TÉCNICA DE APLICACIÓN:	3
5 PREZOS DE APLICACIÓN AOS DISTINTOS TRABALLOS:	7
6 XESTIÓN DE RESIDUOS:	8
7 SEGURIDADE E SAÚDE:	8
8 CONCEPTOS INCLUÍDOS NOS PREZOS:	8
9 GASTOS POR CONTA DO ADXUDICATARIO INCLUÍDOS NO PREZO DO CONTRATO:	9
10 TRABALLOS A DESENVOLVER POLO ADXUDICATARIO:	10
11 SERVIZOS E INSTALACIÓNS AFECTADOS:	11
12 CALIDADE DAS OBRAS:	12
13 MEDICIÓN E ABOAMENTO DOS TRABALLOS:	12
14 PROGRAMA INFORMÁTICO:	12
15 DELIMITACIÓN DO CONTIDO DO SERVIZO PARA ESTABLECER OS MEDIOS MATERIAIS, TÉCNICOS E PERSOAIS QUE SE ADSCRIBEN AO CONTRATO:	12
16 MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS QUE O ADXUDICATARIO ACHEGA AO CONTRATO:	13
17 MEDIOS HUMANOS COS QUE CONTARÁ O ADXUDICATARIO:	14
18 ADECUACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS E HUMANOS ÁS NECESIDADES DO SERVIZO:	16
19 UNIFORMIDADE E IMAXE:	16
20 SEGURO A TODO RISCO DA CONSTRUCCIÓN:	16
21 PROTECCIÓN DAS OBRAS E MEDIDAS DE SEGURIDADE:	16
22 INFRACCIÓNS DA NORMATIVA TÉCNICA DE APLICACIÓN:	17

Anexo I	CADRO DE PREZO Nº 1 E CADRO DE PREZOS Nº 2
Anexo II	XUSTIFICACION DE PREZOS
Anexo III	XESTION DE RESIDUOS
Anexo IV	SEGURIDADE E SAUDE

APPROBADO NA SESIÓN DA XUNTA
DE GOBERNO LOCAL DE DATA

26 XUN. 2019

A Secretaría de Goberno local,
P. O.



26 XUN. 2014

A Secretaría de Goberno local,
R.O.

1 OBXECTO DO PREGO:

O obxecto do presente prego é establecer as condicións técnicas das prestacións obxecto do contrato e que se describen no apartado 2.A das Follas de Características do Contrato, (no sucesivo, FEC).

2 ÁMBITO TERRITORIAL:

O Contrato abrangará a totalidade das vías e espazos públicos de titularidade municipal comprendidas dentro do termo municipal do Concello de Vigo.

Dentro do referido ámbito ampliarase ás novas vías e espazos públicos que se poidan abrir no futuro e se inclúan no correspondente Inventario Municipal.

3 O ADXUDICATARIO E O SEU DELEGADO:

Enténdese por "Adxudicatario" a empresa que constitúe a parte contratante obrigada a executar os traballos.

Enténdese por "Delegado do Adxudicatario" no sucesivo "Delegado", a persoa designada expresamente pola empresa adxudicataria do Contrato e integrada no seu cadro de persoal, e aceptada polo Concello, que deberá contar con capacidade suficiente para:

- a).- Actuar como interlocutor do adxudicatario fronte ao Concello, canalizando a comunicación entre o adxudicatario e o persoal integrante do equipo de traballo adscrito ao contrato, por unha banda e o Concello, pola outra, en todo o relativo ás cuestións derivadas da execución do contrato.
- b).- Distribuír o traballo entre o persoal encargado da execución do contrato e impartir a ditos traballadores as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarias en relación coa prestación do servizo contratado.
- c).- Supervisar o correcto desenvolvemento por parte do persoal integrante do equipo de traballo, das funcións que teñen encomendadas, así como controlar a asistencia de dito persoal ao posto de traballo.
- d).- Organizar o réxime de vacacións do persoal adscrito á execución do contrato, debendo a tal efecto coordinarse axeitadamente o adxudicatario e o Concello, a efectos de non alterar o bo funcionamento na prestación dos servizos contratados.
- e).- Informar ao Concello acerca das variacións, ocasionais ou permanentes, na composición do equipo de traballo adscrito á execución do contrato.

O Concello a través do Responsable do Contrato designado ao efecto, poderá recabar do Adxudicatario a substitución do "Delegado" por incumprimento da obriga prevista no apartado a).

4 NORMATIVA TÉCNICA DE APLICACIÓN:

A prestación deste servizo, nos seus aspectos técnicos, seralle de aplicación a Ordenanza Xeral reguladora das obras e as conseguíntes ocupacións necesarias para a implantación de servizos nas vías públicas do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 25 de xaneiro de 2002, así como a seguinte normativa técnica:



26 XUN. 2014

A Secretaría de Goberno local.
P.O.

- Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, que aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.
- Lei Galega 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Ordes de 16 de maio de 2008 e 13 de xullo de 2009, que aproban o plan xeral de ordenación urbana de Vigo.
- Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes da Dirección Xeral de Estradas (PG-3). Orde Ministerial de 6 de febreiro de 1976. A Orde FOM/891/2004 actualiza artigos de firmes e pavimentos. A Orde FOM/1382/2002 actualiza artigos de explanacións, drenaxes e cimentacións. A Orde FOM/475/2002 actualiza artigos de formigóns e aceiros. A Orde Ministerial de 28 de decembro de 1999 actualiza artigos de sinalización, balizamento e sistemas de contención de vehículos. A Orde Ministerial de 27 de decembro de 1999 actualiza artigos de conglomerantes hidráulicos e ligantes hidrocarbonados.
- Orde Circular 29/2011 sobre o Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG-3). Ligantes bituminosos e microaglomerados en frío.
- Orde Circular 21bis/2009 sobre betunes mellorados e betunes modificados de alta viscosidade con caucho procedente de neumáticos fora de uso (NFU) e criterios a ter en conta para a súa fabricación in situ e almacenamento en obra.
- Orde Circular 24/2008 sobre o prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG-3). Artigos: 542- Mezclas bituminosas en quente tipo formigón bituminoso e 543- Mezclas bituminosas para capas de rodadura. Mezclas drenantes e discontinuas.
- Orde Circular 21/2007 sobre o uso e especificacións que deben cumprir os ligantes e mezclas bituminosas que incorporen caucho procedente de neumáticos fuera de uso (NFU).
- Orde FOM/3460/2003, de 28 de novembro, pola que se aproba a Norma 6.1-IC "Secións de firme", da Instrucción de Estradas.
- Orde FOM/3459/2003, de 28 de novembro, pola que se aproba a Norma 6.3-IC: "Rehabilitación de firmes", da Instrucción de Estradas.
- Orde, de 28 de decembro de 1999, pola que se aproba a Norma 8.1-IC Sinalización vertical, da Instrucción de Estradas (non se publicou o Anexo I, que recolle os tipos de letras dos carteis).
- Orde, de 31 de agosto de 1987, pola que se aproba Instrucción 8.3-IC sobre sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas fora de poblado.
- Orde, de 16 de xullo de 1987, pola que se aproba a Norma 8.2- IC sobre marcas viais.
- Real Decreto 1247/2008, de 18 de xullo, polo que se aproba a Instrucción de formigón estrutural.



26 XUN. 2014

A Secretaría de Goberno local,
R.O.

- Orde Ministerial de 28 de xullo de 1970, que aproba a Ordenanza laboral da construción, vidro e cerámica.
- Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de Marzo, que aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores: .Art. 4 Dereitos Laborais, apartado 2, parágrafo b) "á promoción e formación profesional no traballo" e parágrafo d) "a súa integridad física e a unha axeitada política de seguridade e hixiene".
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de Outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.
- Real Decreto 604/2006, de 19 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 1627/1997 que establece a disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.
- Lei Básica 20/1986 , de 14 de maio, de residuos tóxicos e perigosos, modificada pola Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos e desenvolvida polo Real Decreto 833/1998 de, 20 de xuño, que aproba o regulamento para a súa execución.
- Lei 31/1995 de 8 de Novembro, de prevención de riscos laborais e Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, modificado polo Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.
- Lei 54/2003 que modifica a Lei 31/1995 de 8 de Novembro, de prevención de riscos laborais.
- Real Decreto 773/1997 sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde relativas á utilización por parte dos traballadores dos equipos de protección individual.
- Real Decreto 487/1997 de 14 de abril sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas que entrañe riscos, en particular dorsolumbares, para os traballadores.
- Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 485/1997, de 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.
- Real Decreto 1407/1992, de 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual; e as súas modificacións.
- Real Decreto 1215/1997, de 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo.
- Real Decreto 664/1997, de 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra ls riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, e as súas modificacións.



26 XUN. 2014

A Secretaría de Gobierno local,
P.O.

- Real Decreto 216/1999, de 5 de febreiro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo dos traballadores no ámbito das empresas de traballo temporal.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro de 1999, de ordeación da edificación.
- Real Decreto 286/2006 de protección dos traballadores fronte aos riscos derivados da súa exposición ao ruído.
- Real Decreto 614/2001, de 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico.
- Orde Ministerial de 20 de setembro de 1973 que aproba o Regulamento de liñas aéreas de alta tensión.
- Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto de 2002, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.
- Real Decreto 2177/2004, de 12 de novembro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización por los traballadores de los equipos de trabajo en materia de traballos temporais en altura.
- Real Decreto 524/2006, de 28 de abril, que modifica o Real Decreto 212/2002 de 22 de febreiro polo que se regulan as emisións sonoras no entorno debidas a determinadas máquinas de uso ao aire libre.
- Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, que a desenvolve.
- Real Decreto 1644/2008, de 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas
- Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.
- Lei 32/2006 de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e Real Decreto 1109/2007, de 24 agosto, que a desenvolve.
- Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención e Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo, polo que se modifican o anterior.
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde en obras de construción.
- Orde de 23 de maio de 1997 que aproba o Regulamento de aparatos elevadores para obras.
- Real Decreto 2114/1978, de 2 de marzo, que aproba o Regulamento de explosivos.
- Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación.



26 XUN. 2014

A Secretaría de Goberno local,
P.O.

- Real Decreto 1481/2001 de 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos en vertedoiro, modificado por Real Decreto 1304/2009, de 31 de xullo.
- Orde 304/2002, de 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos.
- Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia.
- Lei 10/2008, do 3 de novembro de Residuos de Galicia.
- Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.
- Decreto 59/2009, de 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.
- Lei 22/2001 de 28 de xullo, de Residuos e solos contaminados.
- Real Decreto Lei 17/2012 ,de 4 de maio, de medidas urxentes en materia de medio ambiente.
- Lei 11/2012 de 19 de decembro, de medidas urxentes en materia de medio ambiente.
- Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma de Galicia e Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, que aproba o seu Regulamento de desenvolvemento e execución.
- Orde VIV/561/2010 de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.
- A demais normativa técnica de aplicación segundo a natureza e tipo de traballos a executar.

Durante a duración do contrato, a anterior normativa, entenderase substituída por aquela que a derogue ou modifique.

5 PREZOS DE APLICACIÓN AOS DISTINTOS TRABALLOS:

A execución dos servizos de mantemento e conservación, así como as obras vinculadas o obxecto deste contrato, realizaranse con suxeición aos prezos contidos no cadro de prezos que figura como Anexo a este prego. Os ditos prezos conteñen a descrición e descomposición de todos os prezos unitarios dos traballos que son necesarios realizar, para cumprir os obxectivos fixados no Contrato coa calidade esixida.

Os prezos unitarios de traballos que fora necesario realizar e que nos estivesen previstos no Cadro de Prezos, fixaranse de forma contraditoria de conformidade co previsto no artigo 234.2 do T.R.L.C.S.P., tomando como base os "prezos elementais de materiais, maquinaria e man de obra" utilizados para conformar os prezos unitarios contractuais e que figuran así mesmo no Cadro de Prezos. Se os traballos realizados non foran obxecto



26 XUN. 2014

A Secretaría de Goberno local,
P. O.

de descomposición, aplicaranse directamente os prezos elementais citados que procedan pola natureza dos mesmos, previa aprobación polo Responsable do Contrato.

6 XESTIÓN DE RESIDUOS

6.1 Obrigas do adxudicatario.

O adxudicatario queda suxeito ás obrigas establecidas no Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción dos residuos de construción e demolición, para o posuidor; e no caso de que o fora, para o xestor dos residuos producidos.

6.2 Medición e aboamento da xestión de residuos de construción e demolición.

As cantidades a aboar por este concepto serán as resultantes de aplicar ao importe de execución material dos traballos realizados, a porcentaxe de 1,5 %. A cantidade resultante quedará afectada pola baixa presentada na oferta económica ao cadro de prezos do contrato.

6.3 Residuos distintos dos de construción e demolición.

No caso de que se produxeran residuos distintos aos de construción ou demolición, regulados no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula o Réxime Xurídico da Producción e Xestión de Residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, o adxudicatario asume tamén sen custo adicional algún, as obrigas do posuidor, e no seu caso, xestor de ditos residuos.

Obrígase así mesmo, a comunicar ao Concello de Vigo coa antelación suficiente, os residuos xerados, elaborando e presentando a documentación necesaria para que poida asumir e tramitar as obrigas que como promotor lle correspondan.

7 SEGURIDADE E SAÚDE.

O Concello e o Adxudicatario contarán cada un deles coas obrigas que para promotores e contratistas contémplanse na normativa sobre Seguridade e Saúde relacionada na cláusula 4 anterior, ou calquera que a substitúa, ao longo da execución do contrato.

Como obriga específica na materia, o Concello aboará ao Adxudicatario o 2% do importe da execución material dos traballos realizados. A cantidade resultante quedará afectada pola baixa presentada na oferta económica ao cadro de prezos do contrato.

8 CONCEPTOS INCLUÍDOS NOS PREZOS:

O licitador deberá ter presente, ao formular a súa oferta, que nos prezos están incluídos os seguintes conceptos:

- Establecemento da sinalización, balizamento e elementos de protección que sexan preceptivos segundo a Ordenanza Xeral reguladora das obras e as conseguíntes ocupacións necesarias para a implantación de servizos nas vías públicas do Concello de Vigo, e demais normativa de aplicación, así como o seu mantemento mentres se desenvolven os traballos e a súa retirada unha vez rematen.



26 XUN. 2014

A Secretaría de Goberno local,
P.O.

- Instalación de pasarelas para o mantemento do paso, naqueles puntos nos que fora necesario para o normal e seguro tránsito de peóns, e cando o Responsable do Contrato o estime oportuno por calquera outro motivo.
- Traballos de acondicionamento e preparación do terreo para o acceso da maquinaria e o personal ata a zona de traballo así como a súa reposición posterior, no seu caso, ao seu estado inicial.
- Transporte da maquinaria e materiais ata o lugar de utilización.
- Mantemento, arranxos, carburantes, aceites, funxibles, etc., da maquinaria utilizada.
- Custos de todo tipo de persoal adscrito ao Contrato.
- Todos os materiais necesarios para a execución dos traballos.
- Os medios auxiliares así como o pequeno material necesario para a execución dos traballos, tales como ferramenta, parafusaría, etc.
- A desmontaxe e retirada de calquera elemento ou equipamento da vía pública necesario para a execución das traballos, así como a súa posterior montaxe ou transporte ao almacén ou xestor de residuos, segundo o caso.
- Servizos auxiliares, materiais de oficina, enerxía, teléfono, comunicacións en xeral, limpeza, gardaría de oficinas e almacéns e calquera outro de natureza similar.

Se durante a execución de calquera dos traballos e á vista do grado de cumprimento, tanto dos prazos parciais como do prazo total, o Concello considerase necesaria a execución intensiva e ininterrompida a tres quendas de calquera tipo de traballo dos que son obxecto do Contrato, o Adxudicatario estará obrigado a levalo a cabo sen que esta circunstancia produza modificación ningunha no seu prezo .

9 GASTOS POR CONTA DO ADXUDICATARIO INCLUÍDOS NO PREZO DO CONTRATO

O Adxudicatario estará obrigado a satisfacer, sen que teña dereito a reclamar contraprestación económica ningunha por ir incluídos nos prezos do Contrato, os gastos seguintes:

- ☐ Os que se requiran, incluídos os de redacción de proxectos técnicos ou memorias valoradas, para a obtención de autorizacións, licenzas ou calquera información de Organismos Oficiais ou particulares.
- ☐ Calquera análise, estudo ou informe que sexa necesario para comprobar que os traballos se executen de acordo co previsto no contrato.
- ☐ Os derivados do control de calidade dos materiais e das unidades de obra executadas, valorados aos prezos que figuran no Cadro de Prezos, ata un 1% do importe do orzamento anual executado ou a porcentaxe incrementada polo adxudicatario na súa oferta. O exceso, sempre que se teña solicitado polo



26 XUN. 2014

A Secretaría de Goberno local,
P.O.

Concello, será incluído na primeira certificación que se expida tralo remate do período a que correspondan.

- Os tributos, compensacións económicas ou calquer outro gasto que lle corresponda ao Adxudicatario no desenvolvemento do Contrato segundo a lexislación vixente, na forma e contía que ésta sinala.
- Os de uniformidade e imaxe a que se refire a cláusula 19.
- En xeral, calquera outro que non estivera atribuído expresamente ao Concello no Contrato ou na lexislación vixente.

10 TRABALLOS A DESENVOLVER POLO ADXUDICATARIO:

Serán os necesarios para cumprir o obxecto do contrato establecido na cláusula 3ª do prego de cláusulas administrativas particulares en relación co apartado 2.A das Follas de Características do Contrato.

Os traballos sempre deberán contar coa orde do Director do Contrato previa á súa iniciación. Executaranse consonte ao previsto na normativa técnica vixente, e especialmente na Ordenanza Xeral reguladora das obras e as conseguíntes ocupacións necesarias para implantación de servizos nas vías públicas do Concello de Vigo.

10.1 Tipos de traballos a executar

10.1.1 Programables:

Aqueles cuxa necesidade de execución é previsible, e polo tanto programable, en base aos datos sobre situación de pavimentos e firmes obtidos a partir do inventario de viais, suxeirencias veciñais e inspeccións realizadas.

10.1.2 Non programables:

Aqueles derivados de circunstancias imprevistas que o Responsable do Contrato orde arranxar con carácter urgente.

Nas emerxencias que requiran dunha actuación inmediata, o Adxudicatario deberá iniciar os traballos no prazo máximo dunha hora dende a recepción da orde de traballo. Para estes efectos o Adxudicatario disporá dun servizo de garda nas condicións previstas na cláusula 17, que estará dispoñible perante as 24 horas de todos os días do ano.

10.1.3 Execución substitutoria das obras que lle encomende o Concello.

Cando a actuación dolosa, culposa ou negligente dun terceiro ocasiona desperfectos ou danos en calquera ben municipal comprendido no ámbito do Contrato e o requirimento do Concello para arranxalo non fore atendido polo responsable no prazo conferido, o Concello poderá encargarllos ao Adxudicatario, o cal deberá executalos consonte as indicacións do Responsable do Contrato.

Ditos traballos serán facturados ao Concello aos prezos contractuais, incluíndoos na certificación mensual de forma separada do resto dos traballos, co detalle



26 XUL 2014

A Secretaría de Goberno local,
P.O.

preciso para que éste poida presentar a oportuna reclamación ao responsable dos desperfectos.

10.2 Execución dos traballos

10.2.1 Afeccións ao tráfico de vehículos.

Cando os traballos supoñan afeccións ao tráfico de vehículos, o Adxudicatario coordinará co Servizo de Mobilidade e Seguridade Municipal a programación dos mesmos, especialmente no relativo a datas, horarios e disposición da sinalización necesaria.

10.2.2 Traballos fóra do horario normal establecido.

O Responsable do Contrato poderá ordear que os traballos de mantemento, que ao seu xuízo o requiran, se executen en días festivos ou en horario nocturno, sen que teña por isto o Adxudicatario, dereito a ningún tipo de indemnización ou cantidade adicional á establecida no Contrato.

10.3 Procedemento de actuación.

Todos os traballos partirán dunha "orde de traballo" do Responsable do Contrato ao Delegado do Adxudicatario, na que se incluírán como mínimo:

- Nº de expediente
- A orixe da orde.
- A orde de prioridade.
- A localización xeográfica
- Descrición das operacións a executar.
- Solicitude do orzamento ou memoria valorada e prazo para a súa presentación naqueles casos nos que o Responsable do Contrato o estime necesario.

Coas ordes de traballo confeccionarase a programación dos traballos a executar .

Semanalmente, o Adxudicatario entregará ao Servizo Municipal de Vías e Obras os datos informatizados das ordes de traballo executadas na semana anterior e a programación dos traballos a executar na seguinte semana, que recollerá as desviacións producidas no seu caso, da programación da semana en curso ou da semana anterior, co obxecto da súa incorporación, polo Concello, a unha base de datos única integrada co sistema de inventario de vias e espazos públicos municipais e xestionada por persoal do servizo coa cualificación necesaria.

11 SERVIZOS E INSTALACIÓNS AFECTADOS:

Corresponde ao Adxudicatario a obtención de todos os datos de servizos municipais e non municipais e instalacións existentes na zona dos traballos. Todos os traballos de campo realizaranse adoptando as máximas precaucións para evitar ocasionar calquera dano ou afección aos mesmos.



26 XUN. 2014

A Secretaría de Gobierno local.
R.O.

É obriga do Adxudicatario avisar coa suficiente antelación ás empresas de servizos, do comezo e desenvolvemento dos traballos, requirindo cando fora preciso, a presenza de vixilantes na zona.

A responsabilidade polos danos e prexuízos que se poidan producir nos referidos servizos e instalacións e as indemnizacións a que houbera lugar serán sempre por conta do Adxudicatario.

12 CALIDADE DAS ACTUACIÓN VINCULADOS OBXECTO DO CONTRATO:

Os servizos e as obras obxecto deste contrato estarán suxeitas a control de calidade seguindo as directrices establecidas a tal efecto polo Concello.

Os defectos na execución dos servizos de mantemento e das obras deberán ser inmediateamente subsanados por parte do Adxudicatario, sen prexuízo das sancións que poideran corresponder.

Para isto o Responsable do Contrato impartirá as ordes precisas ao "Delegado ".

13 MEDICIÓN E ABOAMENTO DOS TRABALLOS:

Á medición e aboamento dos traballos aplicaráselle o seguinte réxime:

- Os Servizos Técnicos Municipais levarán a cabo o control dos servizos e obras realizados polo Contratista, rexeitando os de defectuosa execución, ata que os defectos detectados se subsanen, e procedendo á medición dos que se entendan rematados e correctamente executados. As ditas medicións serán valoradas aos prezos do contrato.
- Cando os traballos executados se correspondan con obras concretas, a certificación da obra se corresponderá coa medición das unidades executadas, as cales lles será de aplicación os prezos unitarios descritos no cadro de prezos deste contrato. Á cantidade resultante aplicaráselle a baixa ofertada polo adxudicatario. Ao resultado aplicaráselle as seguintes porcentaxes: Beneficio Industrial 6,0 %, Gastos Xerais 13,0 %, Xestión de Residuos 1,5 % e Seguridade e Saúde 2,0 %. Á cantidade que resulte aplicaráselle o I.V.E. correspondente en cada momento, obténdose así o importe líquido da certificación mensual.
- Cando os traballos executados se corresponderan con servizos de mantemento e conservación, a facturación mensual deberá recoller a definición das unidades realizadas descritas no cadro de prezos do contrato, así como o número de cada unha delas realizadas, aplicándose os prezos que para cada unidade figuran no mentado cadro de prezos. Ao importe resultante aplicaráselle a baixa ofertada polo adxudicatario. Ao importe que resulte aplicaráselle un incremento do 22,5% en concepto de gastos de xestión da execución das obrigas da prestación dos servizos realizados, obtendo así o importe da base imponible do I.V.E. correspondente en cada momento, cuxa aplicación dará como resultado o importe líquido da factura.
- En ambos casos, certificación de obra ou factura de servizos realizados, incluírase no seu caso, o importe do control de calidade que segundo a cláusula 9ª terá que asumir o Concello, se excedera do importe asumido polo adxudicatario na súa oferta. Dito exceso non se verá afectado pola baixa ofertada



26 XUN. 2014

A Secretaría de Goberno local.
P.O.

polo adxudicatario. Previamente ao abono da certificación ou dos servizos realizados, o adxudicatario deberá presentar as regulamentarias facturas a través do Rexistro Xeral do Concello.

14 PROGRAMA INFORMÁTICO:

Para o control dos traballos o adxudicatario deberá aplicar o programa informático do Concello segundo as instrucións que ao efecto lle imparta o Responsable do Contrato.

15 DELIMITACIÓN DO CONTIDO DO SERVIZO PARA ESTABLECER OS MEDIOS MATERIAIS, TÉCNICOS E PERSOAIS QUE SE ADSCRIBEN AO CONTRATO:

Os medios que o Concello esixe nas dúas cláusulas seguintes contemplaranse tendo en conta as seguintes circunstancias:

- a) Que son cos que o Adxudicatario deberá contar permanentemente, como mínimo para execución do Contrato, na medida en que se precisen. A identidade do persoal e identificación dos vehículos e da maquinaria, serán comunicado ao Responsable do Contrato antes do inicio dos traballos; ao tamén se lle comunicará de inmediato, calquera substitución que se produza nos referidos medios. O Responsable do Contrato poderá, en calquera momento, ordear ao Delegado do Adxudicatario a substitución dos medios humanos, materiais ou técnicos que non cumpran as condicións previstas nas cláusulas 16 e 17 do PPT.
- b) Que o obxecto do Contrato a estes efectos, intégrase polos traballos comprendidos na cláusula 3ª do prego de cláusulas administrativas particulares en relación co apartado 2.A das Follas de Características do Contrato.
- c) Que deberán ser ampliados na medida que se precise para a execución do contrato.

16 MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS QUE O ADXUDICATARIO ACHEGA AO CONTRATO:

Os medios materiais e técnicos que o Contratista deberá ter a dispoñibilidade do Concello serán como mínimo os seguintes:

16.1 Instalacións

- Unha oficina que deberá contar cos medios ofimáticos suficientes, liña telefónica directa, fax e correo electrónico e que estará en funcionamento durante a xornada normal de traballo establecida no convenio colectivo sectorial de aplicación.
- Unha liña telefónica que deberá estar conectada co Servizo de Vías e Obras, co Servizo de Mobilidade e Seguridade, coa Policía Local e co Servizo de Extinción de Incendios. Esta liña, fora do horario da xornada laboral, estará conectada co retén de emerxencias, que permanecerá operativo as 24 horas dos 365 días do ano.
- Almacén, coa superficie necesaria para satisfacer as necesidades do servizo e as emerxencias que poidan producirse; para garda dos vehículos, maquinarias, medios auxiliares e o stock de materiais que o Adxudicatario inclúe na súa oferta. Nel terá a súa base o retén para emerxencias.



26 XUN. 2014

A Secretaría de Goberno local
P.O.

As anteriores instalacións deberán atoparse dentro do termo municipal, xa que as mesmas terán unha incidencia determinante para o desenvolvemento das prestacións vinculadas a este contrato, tanto en relación a operatividade das actuacións de seguimento e coordinación por parte dos servizos municipais, como na cantidade de actuación a realizar de maneira diaria. O mesmo tempo a ubicación do almacén de acopia de materiais, así como o parque de maquinaria deberán de cumprir tal condición para facer efectiva as obrigas do contrato entre as cales se esixe respostas en prazos máximo dunha hora para a execución das prestacións nos casos de emerxencia.

16.2 Maquinaria, vehículos e medios auxiliares:

- Un camión-volquete de 18 Tn de PMA.
- Dous camiós-volquetes, un de 12 Tn e outro de 8 Tn de PMA.
- Un camión basculante equipado con pinza e culler de 500 litros de capacidade.
- Dúas retropás mixtas sobre neumáticos 4 X 4 de 110 Cv. con brazo extensible, cazo de 0,60 m³ de capacidade e martelo rompedor de 360 kg.
- Unha miniretroescavadora con martelo rompedor.
- Unha miniretroescavadora con martelo picador
- Dous carroceta con capacidade de carga de ata 3 m³ de capacidade.
- Dous camiós con caixa térmica.
- Dúas cisternas para emulsións asfálticas
- Dous rodillos mixtos con neumáticos e lamia metálica de 2.700 Kg para aglomerado.
- Dúas pranchas manuais vibrantes con depósito de auga.
- Dous cortadoras de disco para firmes asfálticos.
- Seis remolques para valados, sinais e ferramenta lixeira.
- Catro cortadoras radiais
- Catro grupos electrógenos
- Catro compresores con martelo picador.
- Catro compactadores manuais vibratorios de 800 Kg con depósito de auga.
- Utilaxe e ferramenta diversa para os traballos necesarios en cada momento.

Todos os vehículos e maquinaria que se adscriban ao Contrato deberán cumprir a normativa vixente en materia medioambiental e, especialmente, no referente á contaminación acústica (ruídos e vibracións) e, en caso de avaría, deberán ser substituídos de inmediato por outros das mesmas características.

17 MEDIOS HUMANOS COS QUE CONTARÁ O ADXUDICATARIO:

O persoal mínimo que o Contratista deberá por a disposición do Concello será o seguinte:



17.1 Delegado

Ao fronte do servizo figurará permanentemente un "Delegado" nas condicións e coas funcións que figuran na cláusula 3.

Deberá contar coa titulación de enxeñeiro de camiños, canais e portos ou enxeñeiro técnico de obras públicas, cos coñecementos axeitados e experiencia demostrable de cando menos 5 anos na execución deste tipo de traballos.

17.2 Oficina

O seguinte persoal:

- Un administrativo
- Un delineante

Ámbolos dous con coñecementos informáticos a nivel de usuario debidamente acreditados, preferentemente con titulación ao efecto.

17.3 Almacén:

- Un encargado xeral, baixo cuxas ordes traballará o seguinte persoal,

17.3.1 Para arranxo de fochas de calzadas:

- 1 Capataz.
- 2 brigadas compostas por: 1 oficial pavimentador de 1ª; 1 oficial pavimentador de 2ª e 2 peóns especialistas.

17.3.2 Para arranxo de beirarrúas

- 2 Capataces.
- 2 brigadas para pavimentos pétreos compostas por: 1 oficial canteiro de 1ª; 1 oficial de 2ª e 1 peón especialista.
- 2 brigadas para pavimentos de lousas compostas por: 1 oficial albanel de 1ª; 1 oficial de 2ª e 1 peón especialista.

17.3.3 Retén de emerxencias

Fóra da xornada normal, o Adxudicatario manterá permanentemente un retén para facer fronte ás situacións de emerxencia que se produzan, integrado cando menos, por

- Un capataz e dous operarios, cos medios necesarios para actuar de xeito inmediato en caso de emerxencia.

Cando a gravidade da emerxencia o requira, o persoal do retén deberá ser reforzado nun prazo máximo de 3 horas cos medios humanos e materiais axeitados a súa natureza e alcance.

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA
DE GOBERNO LOCAL DE DATA

26 XUL 2014

A Secretaría de Goberno local,
P. O.



26 XUN. 2014

A Secretaría de Goberno Local
P. O.

O retén establecerá a súa base permanente nas dependencias da empresa adscrita ao cumprimento do contrato.

18 ADECUACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS E HUMANOS ÁS NECESIDADES DO SERVIZO.

Os anteriores medios refírense á totalidade do presuposto anual do contrato previsto para o primeiro ano. A modificación nos orzamentos dos seguintes anos conlevará a correlativa variación dos referidos medios na porcentaxe que corresponda.

19 UNIFORMIDADE E IMAXE:

O persoal, os vehículos, maquinaria e demais medios empregados polo Adxudicatario para o cumprimento do contrato, deberán dispoñer, cando executen as prestacións contratadas, dos elementos indicativos, anagramas ou símbolos que os identifiquen perfectamente conforme estableza o Concello a través do Responsable do Contrato.

O persoal durante a xornada de traballo deberá estar uniformado. A uniformidade que permitirá distinguilos do persoal municipal, deberá ser aceptada polo Concello e deberá contribuír a preservar a boa imaxe corporativa do Concello de Vigo, e a do propio Contratista.

Os traballadores deberán manter un comportamento, especialmente na súa relación cos cidadáns, que contribúa tamén a preservar a boa imaxe do Concello e do Adxudicatario.

20 SEGURO A TODO RISCO DA CONSTRUCCIÓN:

O Adxudicatario deberá subscribir antes da formalización do Contrato, unha póliza de seguro a todo risco da construción, con prazo de vixencia igual ao do contrato, e por un importe mínimo equivalente ao dobre da anualidade orzamentaria a que corresponda.

Dito seguro deberá cubrir os danos á obra civil e ás instalacións, así como os posibles danos a persoas ou cousas que puideran producirse con ocasión da execución dos traballos contratados.

O Adxudicatario deberá presentalo no Concello, xunto co recibo acreditativo do seu pago, e a restante documentación esixida na cláusula 22 do Prego de Condicións Administrativas Particulares, (no sucesivo, PCAP), e dentro do prazo que se contempla na cláusula 23 seguinte.

Tamén queda obrigado a presentar nos 15 días hábiles seguintes ao vencemento de cada anualidade do contrato ou das súas prórrogas, a copia do recibo de estar ao corrente no pago do mesmo e dos suplementos que no seu caso puideran corresponder.

21 PROTECCIÓN DAS OBRAS E MEDIDAS DE SEGURIDADE:

O Adxudicatario deberá cumprir as normas sobre sinalización e balizamento previstas no Anexo II da Ordenanza Xeral Reguladora das Obras e as conseguintes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública, cuxo modelo debidamente homologado, deberá contar en cada momento coa conformidade do responsable do contrato. Para tal efecto deberán acopiar no seu almacén valores en cantidade suficiente para poder delimitar os traballos que se lle encomenden. Así mesmo disporá do número suficiente de balizas luminosas para o seu uso en lugares para os que non se dispoña de



enerxía eléctrica utilizable para tal fin, ou naqueles en que dispoñendo dela, conveña completar a dita sinalización.

O Adxudicatario deberá manter sempre en correcto estado de conservación os valos e balizas.

Naqueles casos nos que a instalación de valos supoña unha restrición na circulación de vehículos ou peóns procederase de acordo co previsto na Ordenanza Xeral Reguladora das Obras e as conseguintes Ocupacións necesarias para a implantación de Servizos nas Vías Públicas do Concello de Vigo.

22 INFRACCIÓNS DA NORMATIVA TÉCNICA DE APLICACIÓN:

As infraccións á normativa sectorial relacionada na cláusula 4 anterior sancionaranse con arranxo ao previsto en cada unha das normas relacionadas e só constituirá infraccións contractual cando figure recollida expresamente na cláusula 41 do Prego de Condicións Administrativas Particulares.

ARC/bc

Vigo, 9 de maio de 2014
O enxeñeiro xefe de Vías e Obras

Agustín Rodríguez Carballo

APPROBADO NA SESIÓN DA VICE-
PRESIDENCIA DE GOBERNO LOCAL DE VIGO

26 XUN. 2014

A Secretaria de Goberno local
P.O.